FACULTADE DE FILOSOFIA

Mestrado universitario en

FILOSOFÍA: COÑECEMENTO E CIDADANÍA

Guía docente

Curso: 2026-27

O MALESTAR
NA FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA E A TEORÍA PSICANALÍTICA

Docente:

Prof. Delmiro Rocha Álvarez

1. INFORMACIÓN BÁSICA.

Trátase dunha materia de 3 créditos ECTS (equivalentes a 75 h. de traballo).

Prerrequisitos

Non require de ningunha formación previa.

Impartición

Será impartida en lingua galega.

A información relevante da materia, así como os avisos e cualificacións, será subida á páxina desta no campus virtual da USC.

O horario pode ser consultado na páxina web do centro (http://www.usc.es/filosofia)

Titorías

O horario das titorías: ver páxina web (http://www.usc.es/filosofia).

Para consultas fóra das horas de titorías pode empregarse o Campus Virtual ou o correo electrónico.

2. BLOQUE FORMATIVO NO QUE SE INTEGRA A MATERIA.

A materia pertence ao módulo Materias Optativas Xerais, é dicir, que pode ser cursada tanto polos estudantes que optaran polo itinerario (módulo I do mestrado) de Cidadanía e Globalización, como polos que optaran polo itinerario (módulo II do mestrado) Coñecemento e comprensión do mundo.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA.

- Comprender o diferente tratamento que recibe o malestar na psicanálise e na filosofía contemporánea.
- Fixar as liñas básicas de comprensión de cal é o tratamento do malestar do suxeito na psicanálise.
- Entender as principais propostas da filosofía contemporánea en torno a que é un suxeito e cando aparece o sufrimento psíquico.
- Distinguir con claridade as propostas da psicanálise anterior e posterior á Posmodernidade.
- Comparar e valorar criticamente o enfoque filosófico e o psicanalítico acerca da subxectividade contemporánea

4. COMPETENCIAS.

BÁSICAS E XERAIS

CG1 - Que os estudantes adquiran capacidades e coñecementos para a análise crítica en relación a achegas investigadoras.

CG2 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos que adquiran para identificar, formular e resolver problemas do noso tempo.

CG3 - Que os estudantes sexan capaces de transmitir coñecementos, ideas orixinais e solucións propostas.

CG4 - Que os estudantes estean capacitados para unha dinámica de reflexión con actitude proactiva e creativa na busca de solucións

CG5 - Que os estudantes teñan habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestións e problemas susceptíbeis de ser abordados e resoltos.

CB6 – Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación

CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornas novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo

CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos

CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades

CB10 – Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en grande medida autodirixido ou autónomo.

TRANSVERSAIS.

CT1 - Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación.

CT2 - Manexar e analizar criticamente fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital.

CT3 - Valorar de forma crítica a información para a resolución de problemas.

CT4 - Promover o respecto aos dereitos humanos e á diversidade cultural e das persoas, así como desenvolver valores contra as desigualdades de xénero..

ESPECÍFICAS.

Os contidos desta materia contribúen á adquisición das seguintes competencias propias do título:

CE1 - Coñecer e comprender propostas filosóficas relacionadas cos ámbitos temáticos do mestrado, posto que recollen enfoques filosóficos da segunda metade do século XX.

CE2 – Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación, posto que inclúen contrastar a validez da filosofía contemporánea e da psicanálise.

CE3 - Adquirir habilidades para a transmisión e ensino de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do mestrado, posto que é necesario coñecer algún autor da filosofía contemporánea.

CE4 - Saber aplicar os coñecementos adquiridos na resolución de novos problemas, posto que se trata de aplicar a un campo concreto (o malestar) os coñecementos teóricos adquiridos.

CE5 - Ser capaz de: analizar e sintetizar, argumentar loxicamente, formular xuízos, e deliberar conforme a criterios éticos, posto trátase de discutir e comparar teorías diferentes.

CE6 - Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar, posto que se valorará a participación activa nas aulas e a elaboración dunha investigación persoal.

5. CONTIDOS.

Introdución crítica ao tratamento que a psicanálise fai do sufrimento humano e contraposición a algunha das propostas filosóficas do século XX. Tratarase de discutir o nivel de validez da orientación psicanalítica e as críticas que se lle dirixen desde algún dos enfoques filosóficos da segunda metade do século XX, valorando en que ámbitos e en que medida son lexítimos.

6. BIBLIOGRAFÍA.

Bibliografía básica.

Marcuse, H. (1964/2012). O home unidimensional. USC. Fundación BBVA.
Freud, S. (1930/1976). El malestar en la cultura. En Obras Completas. Amorrortu.
Butler, J. (2004). *Vida precaria. El poder del duelo y la violencia*. Paidós.

Chorne, M. y Dessal, G. (2017). Jacques Lacan : el psicoanálisis y su aporte a la cultura contemporánea. FCE.
Lacan, J. (1959-60/1988). El Seminario. Libro 7: La ética del psicoanálisis. Paidós.

Bibliografía complementaria.

Marcuse, H. (1970). Ensayos sobre política y cultura. Ariel.
Marcuse, H. (1969). Un ensayo sobre la liberación. Joaquín Mortíz
Marcuse, H. (1969). Cultura y sociedad. Editorial Sur.
Marcuse, H. (1969). Psicoanálisis y política. Ediciones Península.
Marcuse, H. (1968). El final de la utopía Editorial Ariel.
Marcuse, H. (1965). Eros y civilización. Joaquín Mortíz.
Freud, S. (1976). Más allá del principio del placer. En Obras Completas. Amorrortu.
Miller, J.A. (2006). Introdución a la clínica lacaniana. Conferencias en España. Gredos.
Miller, J.A. (1998-99/2004). La experiencia de lo real en la cura psicoanalítica. Paidós.
Miller, J.A. (2006). Introducción al método psicoanalítico. Paidós.
Evans, D. (1996/1997). Diccionario introductorio de psicoanálisis lacaniano. Paidós.
Porge, E. (2005). Jacques Lacan, un psicoanalista. Recorrido de una enseñanza. Editorial Sintesis.

7. METODOLOXÍA DA DOCENCIA.

Tipo de sesión	Actividade	Horas	Presencialidade (%)
Clases expositivas	Corresponde fundamentalmente á impartición de aulas maxistrais, abertas á intervención e o debate.	9	100
Clases interactivas	Sesións de análises de textos.	12	100
Titorías	De atención individualizada e/ou de grupo. Resolución de dúbidas. Posta en común dos temas dos traballos de investigación e o intercambio de ideas entre os alumnos e alumnas sobre eles.	3	100
Traballo persoal do alumno	Traballo individual para seguimento da materia. Lectura de textos.	38,5	0
Traballo en	Traballo en común de grupos de alumnos. Posta en común	12,5	0

grupo do alumno	do contido dos textos e plans de investigación.		

8. AVALIACIÓN.

8.1 ALUMNADO ORDINARIO. PRIMEIRA OPORTUNIDADE.

20% de la nota. Evaluación continua por trabajo continuado en el seguimiento de la materia, asistencia y Competencias evaluadas: CE1, CE3, CE6

20% de la nota. Presentación en el aula de un texto. Competencias evaluadas: CE1, CE3, CE6

60% de la nota. Examen final. Competencias evaluadas: CE2, CE4, CE5

EVALUACIÓN NON CONTINUA

100%. Exame final. Competencias avaliadas: CE2, CE4, CE5

8.2 ALUMNADO ORDINARIO. SEGUNDA OPORTUNIDADE.

100%. Exame final. Competencias avaliadas: CE2, CE4, CE5

8.3 ALUMNADO CON DISPENSA DE ASISTENCIA (REPETIDOR, ETC.)

100%. Exame final. Competencias avaliadas: CE2, CE4, CE5

9. REQUISITOS PARA AS AULAS.

Ter vontade de enfrontarse con textos filosóficos complexos.

Participación activa (que obviamente require asistencia).

A materia require necesariamente da participación activa do alumado. A participación significa responder habitualmente ás preguntas que propoña o docente, así como realizar achegas relevantes durante as sesións.

10. RECOMENDACIÓNS PARA SUPERAR A MATERIA.

(1) Participación nas sesións.

(2) Consulta de dúbidas na clase ou nas titorías.

(3) Lectura da bibliografía fundamental.

11. OBSERVACIÓNS.

- A MATERIA SERÁ IMPARTIDA INTEGRAMENTE EN LINGUA GALEGA

- Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

- Perspectiva de xénero: Recoméndase facer uso da linguaxe non sexista, tanto no traballo cotiá de aula como nos traballos académicos encomendados, segundo as recomendacións da USC.

- Ferramentas tecnolóxicas institucionais: é obrigado o emprego da conta de correo electrónico rai.usc. Esta conta será necesaria para acceder a calquera dos servizos facilitados pola USC (Campus Virtual, Teams, Secretaría Virtual, etc.). Non se contestará ningunha comunicación realizada dende unha conta de correo electrónico allea á USC.

- Non se poderá empregar o de teléfono móbil, computadora, tablet ou aparello similar, salvo cando se use como instrumento de traballo seguindo as indicacións dadas polo/a docente, responsabilizándose o alumnado das consecuencias legais e académicas que poidan derivarse dun emprego non axeitado.

- Obrigatoriedade do cumprimento da Normativa de protección de datos.

- Os materiais elaborados polo docente están protexidos pola normativa de protección da propiedade intelectual e dereitos de autor de tal xeito que non se poden divulgar ou facer accesibles sen autorización do autor.

- O estudantado con necesidades específicas de apoio educativo e/ou discapacidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Participación e Inclusión Universitaria (SEPIU) e enviar a solicitude de adaptacións a través do formulario dispoñible na web do SEPIU ou na secretaría virtual do alumnado. Máis información no email sepiu.santiago@usc.gal ou nos teléfonos 881 812 859/ 881 812 858